



alzado frontal




alzado lateral

A mellor solución para a comunicación entre a praza e o parque é a contemplada polo Plan Especial a través da parcela colindante á casa da xuventude. A nosa proposta busca crear simultaneamente un acceso ao parque a través do espacio ocupado polo propio edificio da casa da xuventude mellorando a mobilidade nesta zona e creando unha conexión do edificio coa praza e co parque. A proposta contempla tamén a remodelación do edificio retrasando a cuberta minimizando a presenza da mesma, a modificación das galerías e o restranqueo e acristalamento da planta baixa para crear a rampla de conexión co parque, posibilitando a integración do uso sociocultural co parque e a praza ao servizo da cidadanía.

vista desde praza do matadoiro



planta



PRAZA DO MATADORIO - A CASA DA XUVENTUDE - PARQUE DE BELVIS

ideas para mellorar a conexión entre a praza do matadoiro e o parque de Belvís mantendo a casa da xuventude

A proposta natural para a comunicación entre a praza e o parque de Belvís é, como se contempla no Plan Especial, a través da parcela colindante á Casa da Xuventude. Para levala a cabo chegaría cun convenio ou expropiación da parcela destinada a zona libre polo Plan Xeral eliminando o portal de acceso e abrindo un paso no muro e unha pequena ponte sobre o regato.

Propomos simultaneamente, ou antes, unha opción para comunicar a praza e o parque a través do espazo ocupado polo propio edificio da Casa da Xuventude, conectando o uso sociocultural coa praza e sobre todo co parque . Para iso interviríamos nel abrindo o acceso e creando un pequeno soportal aberto que daría acceso ao edificio e enlazaría cunha rampla descendente xunto ao regato no espazo ocupado pola rampla actual.

Esta rampla aberta ao exterior descendería polo lateral do edificio baixo a cuberta actual e separada por unha parede de vidro deste.

Simultaneamente propónse outro acceso desde o parque a través dunha escaleira ao edificio na zona de acceso ao auditorio.

A actuación pretende abrir o edificio á praza e tamén posibilitar a conexión directa desde o parque co edificio.



PRAZA DO MATADORIO - A CASA DA XUVENTUDE - PARQUE DE BELVIS

ideas para mellorar a conexión entre a praza do matadoiro e o parque de Belvís mantendo a casa da xuventude